

**CALL FOR PAPERS****EURHO, Paris, 2019**

Proposta de sesión: **A destrución, integración e “harmonización” das asociacións agrarias e rurais nas ditaduras europeas no período de Entreguerras**

Lourenzo Fernández-Prieto (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia, España)

Juan Pan-Montojo (Universidad Autónoma de Madrid, España)

Miguel Cabo (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia, España)

Daniel Lanero Táboas (Universidade de Santiago de Compostela, Galicia, España)



O período entre os anos oitenta do XIX e a Primeira Guerra Mundial asistiu a unha onda sorprendente de creación de asociacións rurais e agrarias (cooperativas, caixas, mutuas gandeiras, ligas de resistencia, partidos...) en toda Europa. Este movemento adoptou moi variadas formas segundo as características dos sistemas agrarios, o contexto cultural e o marco legal e político, pero dende a Península Ibérica ata o Imperio Zarista e de Escandinavia aos Balcáns, pódese afirmar que en todos os países ten lugar un proceso de auto-organización e organización desde fóra das masas rurais. Este desenvolvemento levou a cambios transcendentais en moitos aspectos máis alá do económico, nomeadamente si se asume a teoría neo-tocquevilliana (como fan autores como Robert Putnam) que sostén que a saúde da democracia ten as súas raíces na densidade e variedade de asociación na sociedade civil.

A historiografía tense ocupado deste fenómeno pero descoidando unha dimensión fundamental: o seu brusco final nun amplo abano de países entre os anos vinte e os corenta. ¿Que sucedeu con estas organizacións e o enorme capital social, económico e cultural que supuñan baixo as



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Una maneira de facer Europa"

ditaduras que se implantaron en moitos países europeos durante o período de Entreguerras? ¿Perdeuse ese capital? ¿Até que punto os novos réximes aproveitaron eses recursos? ¿Conseguiron os réximes inimigos da pluralidade impor completamente as súas alternativas ao servizo do Estado ou entraron en xogo formas de negociación e compromiso coas asociacións preexistentes? ¿Como se desenvolveu a interacción entre actores e políticas nacionais cos actores e necesidades locais? ¿Como foi a interacción entre as modalidades formais e informais de representación dos intereses colectivos no mundo rural baixo as ditaduras? ¿No longo prazo, que significou o período baixo réximes ditatoriais desde o punto de vista da acción colectiva no campo? ¿Foi simplemente unha paréntese ou máis ben unha fase peculiar dentro dun proceso secular?

Estamos abertos a propostas de comunicación que traten calquera país europeo e calquera tipo de ditadura entre 1918 e o principio da década dos cincuenta.

**Máis información:**

<https://www.ruralhistory.eu/newsletter/2018/rhn-2018-116>

